

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Corrección de bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización da praza de Técnico/a de Educación Familiar (OEP 2022 Estabilización). Apertura de novo prazo de presentación de instancias

ANUNCIO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS A DESENVOLVER POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E CONCURSO - OPOSICIÓN CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000032 – TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN FAMILIAR.

Estimado o recurso potestativo de reposición interposto, con data do 22/12/2022, fronte as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Carballo, por Resolución da Alcaldía núm. 952/2023, do 13 de abril, con corrección de erros materiais mediante Resolución da Alcaldía núm. 1257/2023 do 24/05/2023, aprobouse modificar as bases xerais e bases específicas dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do concello de carballo incluídas na OEP de 2022, e no apartado da praza de **Técnico/a de Educación Familiar** (Expte. 2022/E001/000032), resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Modificar a Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022, de 28/11/2022, pola que se aprobaron as bases xerais e bases específicas e convocatoria para a selección das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 (publicación no BOP de A Coruña núm. 229 do 02/12/2022 e anuncio da convocatoria no BOE núm. 301 do 16/12/2022), no que se refire ás condicións de admisión dos/as aspirantes á praza de **Técnico de Educación familiar**, que quedará como segue:

ANEXO: BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS BASES XERAIS E BASES ESPECÍFICAS QUE REGULARÁN AS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS A DESENVOLVER POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CARBALLO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria

A.- Sistema Concurso (DA 6ª Lei 20/2021) inclúese a seguinte praza:

A) POR SISTEMA DE CONCURSO (acceso libre, DA 6.ª Lei 20/2021): Prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de maneira ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016.

Funcionarios de carreira:

| GRUPO | CLASIFICACIÓN | Nº PRAZAS | DENOMINACIÓN | TITULACIÓN ESIXIDA | CELGA OU EQUIVALENTE |
|-------|--|-----------|-------------------------------|--|----------------------|
| A1 | Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Técnicos Superiores | 1 | Técnico de Educación familiar | Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social Grao/Lic. Psicología, Trabajo Social, Pedagogía | Celga 4 |

Segundo.- Acordar a publicación desta modificación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Terceiro.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da nova convocatoria no Boletín Oficial do Estado, trala publicación no BOP desta modificación.

Este novo prazo de presentación de instancias unicamente se abre **para aquelas persoas** que estean en posesión das titulacións de **Diplomado/a ou Graduado/a en Educación Social**.

Non obstante ó anterior e a apertura dun novo prazo de presentación de instancias, os méritos valoraranse con referencia ao 16 de xaneiro de 2023, data na que rematou o prazo inicial de presentación de instancias aberto trala publicación do anuncio da convocatoria no BOE do 16 de decembro de 2022.

Os/as aspirantes que teñan presentado solicitude de participación dentro do prazo inicial de presentación de instancias, aberto coa publicación no BOE do 16/12/2022 do anuncio da convocatoria, non precisan reiterar a instancia, salvo renuncia expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO EN MATERIA DE PERSOAL

| | |
|---|--|
| APELIDOS | |
| NOME | |
| NIF | |
| DATA DE NACEMENTO | |
| NACIONALIDADE | |
| ENDEREZO POSTAL (vía, número, concello, provincia, código postal) | |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO | |
| TELÉFONO | |

1. SOLICITA ser admitido/a no procedemento selectivo para proveer, polo sistema de concurso, unha praza de **Técnico de Educación Familiar** no marco do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal derivado da OEP 2022 adicional de estabilización, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm., do

2. DOCUMENTACIÓN QUE AXUNTA

- Documento Nacional de Identidade ou equivalente
- Titulación académica esixida
- Título CELGA esixido ou superior, ou certificados equivalentes consonte á normativa vixente.
- Xustificante de pagamento da taxa aplicable no respectivo proceso selectivo.
- Documentación acreditativa dos méritos avaliábeis na fase de concurso:

Experiencia profesional:

-Informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.

-Certificado ou documento que corresponda, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización

Formación:

-Diplomas ou documentos acreditativos da asistencia e/ou aproveitamento a cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento.

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

· Non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.

- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenrolo das funcións correspondentes á praza convocada.
- Reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte no proceso selectivo.

Idioma de exame:

Carballo, de de 2023

(SINATURA)

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

Información básica sobre protección de datos

Acepto a política de privacidad e protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello De Carballo é Norquality consultores S.L.. có que poderá contactar en lopd@carballo.gal. Os datos serán utilizados relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello De Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@carballo.gal ”.

En Carballo, 24 de maio de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/4127